




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE,  
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS  
Dirección Xeral de Infraestruturas

Edificio Administrativo San Caetano s/n  
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**XACOBEO 2010**  
Galicia

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P3  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

26 XULL. 2010  
NÚMERO 32.320  
SAÍDA

**XESTUR PONTEVEDRA**  
Plaza Maruja Mallo, 1-1º  
**36206 VIGO (PO)**

REXISTRO XERAL da Xunta de Galicia - P3  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN  
PÚBLICAS E XUSTIZA - SANTIAGO DE COMPOSTELA

PLAZA MARUJA MALLO  
PLAZA MARUJA MALLO  
PLAZA MARUJA MALLO  
PLAZA MARUJA MALLO

942  
28-7-10



Jmgj/Bvfc

Achégase informe da Dirección Xeral de Infraestruturas relativo á **“AFECCIÓN Á ESTRADA PO-331 ENTRE OS P.K. 11+500 E 12+300 NO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE. CONCELLO DE GONDOMAR (PO)”**.

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2010

O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS

José Manuel Guerra Janeiro



**INFORME DA DIRECCIÓN XERAL DE INFRAESTRUTURAS Á AFECCIÓN Á ESTRADA  
 PO-331 ENTRE OS PK. 11+500 E 12+300 NO PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO  
 INDUSTRIAL DE A PASAXE. CONCELLO DE GONDOMAR (PO)**

O presente informe emítese ó amparo do indicado nos artigos 85 e 86 da Lei 9/2002 de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, modificada pola Lei 15/2004, así como no artigo 15 e concordantes da Lei 4/1994, de 14 de setembro, de Estradas de Galicia, e demais lexislación relacionada, sendo os datos básicos do documento presentado os seguintes:

Documento: PROXECTO SECTORIAL DO POLÍGONO INDUSTRIAL DE A PASAXE

Promotor: XESTUR PONTEVEDRA S.A.

Redactor: IDOM

Estradas autonómicas afectadas:

Denominación	Categoría	Lonxitude afectada (km)
PO-331 O Porriño -Gondomar (PO-340) P.K.11+500 a 12+300	Primaria Complementaria	0,800

Xestur Pontevedra S.A. está a desenvolver o Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe co obxectivo de regularizar e ordenar situacións urbanísticas nadas á marxe do planeamento aos efectos de dotalas de condicións de sustentabilidade urbanística e ambiental.

Co obxectivo de mellorar a accesibilidade e a seguridade viaria do futuro parque, Xestur Pontevedra propón a realización dunha conexión coa glorieta proxectada en dirección NO-SE no P.K. 12+250. A Dirección Xeral de Infraestruturas redactou o Proxecto de Mellora de Seguridade Viaria da PO-331. Treito P.K.11+300 ao 13+100 (PO/07/123.06) que contempla un ramal de acceso a glorieta semellante ao proposto por Xestur.

Visto o que antecede esta Dirección Xeral de Infraestruturas informa **favorablemente** a proposta de conexión coa glorieta, sempre que inclúase no "Proxecto Sectorial do Polígono Industrial de A Pasaxe" a execución da glorieta conforme a proposta presentada mentres non exista un compromiso expreso por parte desta Dirección Xeral de financiamento da glorieta.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, a 15 de xullo de 2010

O Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos

José Manuel Guerra Janeiro

VºBº  
 Subdirector de Planificación e Programación

Antonio López Blanco

O Xefe de Servizo de Planificación de Programación

Carlos Lefler Gullón

Conforme  
 O Directora Xeral de Infraestruturas

Isabel Vila Barbosa